

ANEXO

Curso/Actividade		CURSO: SOBRE XESTIÓN DE PERSOAL Número curso: Lugar: Concello da Coruña Datos:	
DATOS DO SOLICITANTE		Data de nacemento	
NIIF	Nome	Apelidos	
Enderezo particular			
Rúa		Código postal	
Concello		Provincia	
Teléfono		Enderezo de correo electrónico	
Fax			
Datos profesionais			
Corpo de pertenza			
Grupo de titulación			
Clase			
Ano de ingreso no corpo			
Situación administrativa			
Entidade			
DECLARACIÓN			
Declaro, pola miña honra, que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude.			
_____/_____ (Sinatura do/a solicitante)			
INFORME DO/A XEFE/A DO CADRO DE PERSOAL OU PERSOAL RESPONSABLE			
Vista a solicitude formulada polo/a interesado/a, faise constar que non existe inconveniente para a súa asistencia ao curso solicitado,			
_____/_____ (Sinatura e selo da entidade)			
Academia Galega de Seguridade Pública			

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 9 de maio de 2008 pola que se dá publicidade ás bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas e se procede á súa convocatoria.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza que tivo lugar o día 8 de febreiro de 2008, acordou por unanimidade dos membros asistentes autorizar o director xeral do Igape para aprobar mediante resolución as bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, entre as cales se inclúen as bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas, e a publicalas no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas.

Segundo.-Convocar en réxime de concorrencia non competitiva as seguintes liñas de axuda das bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas:

1. Proxectos de elaboración de diagnósticos empresariais da capacidade de internacionalización (procedemento IG150-artigo 7).

2. Proxectos de elaboración de estudos e investigación de mercados internacionais (procedemento IG151-artigo 8).

3. Proxectos de participación en eventos expositivos internacionais (procedemento IG110-artigo 9).

4. Proxectos de organización e participación en misións empresariais internacionais directas (procedemento IG123-artigo 11).

5. Proxectos de organización e participación en misións internacionais tecnolóxicas (procedemento IG154-artigo 13).

6. Proxectos de organización e participación en misións empresariais inversas de calquera país estranxeiro a Galicia (procedemento IG124-artigo 14).

7. Proxectos de asistencia técnica para a participación en licitacións públicas internacionais (procedemento IG155-artigo 15).

8. Proxectos de cooperación internacional (procedemento IG111-artigo 16).

9. Proxectos de iniciativas de difusión en materia de internacionalización (procedemento IG156-artigo 17).

10. Proxectos de identificación e implantación de boas prácticas e proxectos de intercambio de experiencia no ámbito internacional (procedemento IG157-artigo 18).

11. Proxectos de prospección e primeira implantación comercial conxunta no estranxeiro (procedemento IG158-artigo 19).

Terceiro.

a) O prazo de presentación de solicitudes comezará:

-Para o IG110, IG111, IG123 e IG124: o 2 de xuño de 2008.

-Para o IG156: o 1 de xullo de 2008.

-Para o resto das liñas: o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*; no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte.

O prazo de presentación de solicitudes rematará para todas as liñas o 30 de xuño de 2009. No caso de que en virtude das solicitudes presentadas e resoltas favorablemente se esgotase o crédito orzamentario, poderase pechar anticipadamente a convocatoria, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria das liñas anteriores aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

Procedemento	Partida orzamentaria	Orzamento 2008	Anualidade 2009	Anualidade 2010	Anualidade 2011
Proxectos de elaboración de diagnósticos empresariais da capacidade de internacionalización (IG150-artigo 7)	01.04-E3/10/01-651700 Subvencións a empresas privadas	20.000 euros	30.000 euros	-	-
Proxectos de elaboración de estudos e investigación de mercados internacionais (IG151-artigo 8)	01.04-E3/10/01-651700 Subvencións a empresas privadas	18.000 euros	120.000 euros	-	-
	01.04-E3/10/01-651800 Subvencións a familias e institucións sen fin de lucro	18.000 euros	180.000 euros	-	-
Proxectos de participación en eventos expositivos internacionais (IG110-artigo 9)	01.04-E3/10/01-651700 Subvencións a empresas privadas	126.000 euros	315.000 euros	-	-
	01.04-E3/10/01-651800 Subvencións a familias e institucións sen fin de lucro	144.000 euros	180.000 euros	-	-
Proxectos de organización e participación en misións empresariais internacionais directas (IG123-artigo 11)	01.04-E3/10/01-651800 Subvencións a familias e institucións sen fin de lucro	144.000 euros	288.000 euros	-	-
Proxectos de organización e participación en misións internacionais tecnolóxicas (IG154-artigo 13)	01.04-E3/10/01-651800 Subvencións a familias e institucións sen fin de lucro	72.000 euros	144.000 euros	-	-
Proxectos de organización e participación en misións empresariais inversas de calquera país estranxeiro a Galicia (IG124-artigo 14)	01.04-E3/10/01-651800 Subvencións a familias e institucións sen fin de lucro	72.000 euros	216.000 euros	-	-
Proxectos de asistencia técnica para a participación en licitacións públicas internacionais (IG155-artigo 15)	01.04-E3/10/01-651700 Subvencións a empresas privadas	12.000 euros	78.000 euros	-	-
Proxectos de cooperación internacional (IG111-artigo 16)	01.04-E3/10/01-651700 Subvencións a empresas privadas	40.000 euros	100.000 euros	-	-
Proxectos de iniciativas de difusión en materia de internacionalización (IG156-artigo 17)	01.04-E3/10/01-651800 Subvencións a familias e institucións sen fin de lucro	15.000 euros	60.000 euros	-	-
Proxectos de identificación e implantación de boas prácticas e proxectos de intercambio de experiencia no ámbito internacional (IG157-artigo 18)	01.04-E3/10/01-651800 Subvencións a familias e institucións sen fin de lucro	12.500 euros	37.500 euros	-	-
Proxectos de prospección e primeira implantación comercial conxunta no estranxeiro (IG158-artigo 19)	01.04-E3/10/01-651700 Subvencións a empresas privadas	-	1.200.000 euros	2.000.000 euros	800.000 euros

Quinto.-Para todos os créditos especificados nesta convocatoria, resérvase un 10% do importe para proxectos presentados por solicitantes localizados nos municipios indicados no anexo IV das bases anexas. No caso de que os proxectos aprobados non esgoten os créditos reservados, o remanente aplicárase aos restantes proxectos.

Sexto.-Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada liña e mediante resolución, o director xeral do Igape poderá redistribuír entre elas os créditos aprobados, os cales tamén poderán ser ampliados e as partidas orzamentarias modificadas mediante a resolución publicada para o efecto.

Sétimo.-Os requisitos das letras c), e) e l) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución e os requisitos das letras f), h), i), j), k), m) e n) do citado artigo, reséñanse no artigo 4 das bases anexas e nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante a Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo).

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2008.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, de acceder a recursos inaccesibles ou custosos no seu mercado de orixe conseguindo economías de localización, de mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas, de entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento tecnolóxico, en definitiva, de mellorar a súa eficiencia económica e incrementar a súa capacidade competitiva.

A aposta do goberno galego pola internacionalización das nosas empresas é incuestionable, mediante un modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais e financiamento ás empresas para a súa entrada neles, aposta que se complementa coa formación e especialización de recursos humanos.

A Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, establece no seu artigo 4 como funcións do Igape, entre outras, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras.

O obxectivo destas bases é facilitar a internacionalización da empresa galega poñendo ao seu alcance liñas de axudas financeiras que apoiem a súa presenza exterior.

En xeral, a tramitación destas axudas exclúe a concorrencia competitiva con base o establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras, sen necesidade de establecer comparacións entre os proxectos nin unha orde de prelación entre eles, por razón de que, tendo en conta a pequena contía das subvencións individuais previstas, non semella que as solicitudes presentadas poidan esgotar os créditos reservados, e tendo en conta, ademais, a oportunidade de que a tramitación dos expedientes sexa rápida e con prazos de solicitude abertos pola dificultade de planificar determinadas accións subvencionadas.

Estas axudas complementáanse con servizos directos ao empresariado galego tales como asesoramento e asistencia técnica en destino, información sobre mercados e oportunidades de negocio, así como outros servizos de seguranza de operacións comerciais, interpretación telefónica, formación e incorporación laboral de especialistas en comercio exterior, organización de accións promocionais de participación agrupada, rede de empresarios e profesionais de orixe galega, difusión da oferta exportadora galega, seminarios, e calquera outros que solicite o empresariado galego dentro dos medios e recursos dispoñibles do Igape, que se detallan na páxina web oficial do Igape.

Artigo 1º.-*Proxectos obxecto de apoio.*

1.1. Co obxectivo de promocionar e facilitar o acceso das empresas galegas ao exterior, o Igape proporcionará apoio financeiro ás accións que realicen as empresas ou organismos intermedios que teñan a sede efectiva da súa actividade ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e que realicen actuacións dirixidas á promoción internacional de produtos elaborados, comercializados e/ou servizos prestados por estas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases, co obxectivo de incentivar a súa internacionalización.

1.2. O Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido aos seguintes tipos de proxectos:

- a) Proxectos de elaboración de diagnósticos empresariais da capacidade de internacionalización, segundo o establecido no artigo 7.
- b) Proxectos de elaboración de estudos e investigación de mercados internacionais, segundo o establecido no artigo 8.
- c) Proxectos de participación en eventos expositivos internacionais, segundo o establecido no artigo 9.
- d) Proxectos de participacións agrupadas organizadas polo Igape en eventos expositivos internacionais, segundo o establecido no artigo 10.
- e) Proxectos de organización e participación en misións empresariais internacionais directas, segundo o establecido no artigo 11.
- f) Proxectos de participación en misións empresariais internacionais directas organizadas polo Igape, segundo o establecido no artigo 12.

g) Proxectos de organización e participación en misións internacionais tecnolóxicas, segundo o establecido no artigo 13.

h) Proxectos de organización e participación en misións empresariais inversas de calquera país estranxeiro a Galicia, segundo o establecido no artigo 14.

i) Proxectos de asistencia técnica para a participación en licitacións públicas internacionais, segundo o establecido no artigo 15.

j) Proxectos de cooperación internacional, segundo o establecido no artigo 16.

k) Proxectos de iniciativas de difusión en materia de internacionalización, segundo o establecido no artigo 17.

l) Proxectos de identificación e implantación de boas prácticas e proxectos de intercambio de experiencia no ámbito internacional, segundo o establecido no artigo 18.

m) Proxectos de prospección e primeira implantación comercial conxunta no estranxeiro, segundo o establecido no artigo 19.

1.3. Quedan excluídas as axudas á exportación. Debe entenderse por axudas á exportación aquelas directamente asociadas ás cantidades exportadas, ao establecemento e ao funcionamento dunha rede de distribución e aos gastos correntes derivados da actividade exportadora.

1.4. Con carácter xeral, e coas especificidades que en cada liña de axuda se determinen, as axudas reguladas nestas bases tramitaranse segundo o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 destas bases, ao abeiro do disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.5. A convocatoria das liñas de axuda contempladas nestas bases será obxecto de publicidade mediante resolución do director xeral do Igape no *Diario Oficial de Galicia*, na cal se fixarán o prazo de presentación de solicitudes e os créditos dispoñibles para a concesión das distintas liñas de axuda. Nestas convocatorias a preparación de solicitudes será necesariamente telemática en beneficio de ambas as partes. A súa presentación e a comunicación entre o solicitante e o Igape poderá ser así mesmo totalmente telemática ou ben mediante a presentación física da instancia de solicitude, segundo o previsto nas citadas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

Artigo 2º.-*Tipos de axuda.*

2.1. Poderán concederse subvencións a fondo perdido sobre os gastos subvencionables, segundo os conceptos enumerados nos artigos correspondentes para cada tipo de proxecto.

2.2. Para estes efectos, o establecemento dos distintos límites de intensidade porcentual de subvención computarase en todo caso en termos de subvención bruta.

2.3. Serán subvencionables os investimentos e gastos realizados e pagados conforme o establecido en cada artigo, dentro do prazo concedido para a execución dos proxectos. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas

as condicións que se establezan. No caso das axudas reguladas no artigo 9, de participación en eventos expositivos internacionais, serán admitidas como subvencionables e dentro do prazo de vixencia as facturas emitidas pola organización feiral e pagadas polo beneficiario con data anterior á solicitude, sempre que claramente se refiran aos gastos subvencionables dun evento expositivo que tivo lugar con data posterior á solicitude de axuda.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

3.1. Serán beneficiarios das axudas os que se especifican en cada artigo para cada liña de axuda.

3.2. Os beneficiarios deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Desenvolver no centro radicado en Galicia calquera actividade económica, incluso a prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos, non excluída no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*. Serán subvencionables as actividades de produción de produtos agrícolas conforme o establecido no Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas e as actividades do sector pesqueiro conforme o establecido no Regulamento (CE) nº 875/2007 da Comisión do 24 de xullo de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro.

b) En todos os casos deberán estar ao día nas súas obrigas coa Facenda pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

c) No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, incluídas as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberán facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.3. Para aquelas actividades que se atopen comprendidas dentro dos sectores regulados por normas específicas da Unión Europea sobre axudas estatais, as axudas previstas nestes artigos axustaranse en cada caso ás devanditas normas específicas.

Artigo 4º.-Tramitación.

4.1. Presentación de solicitudes.

4.1.1. Para presentar unha solicitude de axuda os interesados deberán cubrir previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e

do proxecto a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. A instrución e resolución do procedemento basearase nas declaracións contidas no citado cuestionario e, no caso de que se conceda a axuda, serán obxecto de acreditación documental nas fases de tramitación en cada caso oportunas e, en calquera caso, previamente a calquera aboamento de subvención.

4.1.2. Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o cuestionario. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obtense mediante o algoritmo estándar de extractación SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

4.1.3. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo I, nas cales será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación.

4.1.4. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportara a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideren ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos ao interesado.

4.1.5. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.1.6. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como específica a Orde do 25 de novembro de 2004 da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios elec-

trónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (*Diario Oficial de Galicia* nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmentemente ao longo da tramitación do expediente.

c) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

d) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación, consonte o citado Decreto 200/2003.

e) Os interesados que cumpran os requisitos da alínea b) anterior tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario normalizado a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun aviso de recepción das notificacións (comprobante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE nº 150, do 23 de xuño).

4.1.7. Os solicitantes poderán obter en todo momento un comprobante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no cuestionario. Para iso utilizarán a aplicación establecida no enderezo da internet citado anteriormente, introducindo os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante. As modificacións da solicitude inicial deberán ser presentadas utilizando a aplicación de axuda para xerar un cuestionario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das devanditas aclaracións.

4.1.8. Para seren beneficiarios das axudas, os solicitantes, ademais de reuniren os requisitos establecidos para cada programa de axuda, deberán cumprir o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.2. Instrución e resolución do procedemento.

4.2.1. A solicitude de axuda será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos ao proxecto declarados no cuestionario descriptivo do proxecto anexo a esta. O Igape poderá pedirlle ao interesado calquera aclaración ou documentación complementaria que considere necesaria para unha adecuada avaliación do proxecto.

4.2.2. Instruído o procedemento e inmediatamente antes de ditar proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados, para que no prazo de 10 días poidan alegar e presentar os documentos e xus-

tificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

4.2.3. Unha vez avaliado o expediente, a proposta de resolución será elevada aos seguintes órganos que, en cada caso, resolverán por delegación do consello de dirección:

a) O director xeral, no caso de propostas de resolución por importe de ata 500.000 euros de subvención.

b) O presidente, no caso de propostas de resolución por importe superior a 500.000 euros de subvención.

4.2.4. A concesión de subvencións por importe superior a 3.000.000 de euros, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

4.2.5. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución do expediente será de seis meses contados desde a data de presentación da solicitude de axuda no Igape. Transcorrido este prazo sen se ter ditado resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

4.3. Solicitude de cobramento.

4.3.1. Para presentar a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o cuestionario de liquidación a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente o cuestionario de liquidación. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractación SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

4.3.2. A solicitude de cobramento presentarase mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo III, no cal será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas.

4.3.3. O beneficiario presentará a solicitude de cobramento co IDEL no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderá asinar electronicamente o formulario de solicitude de cobramento co IDEL e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, sempre que cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 4.1.6, e que a documentación que acompañe a solicitude de cobramento sexa apta para a súa presentación telemática. Neste último caso, a aplicación de xeración de cuestionarios de liquidación permitirá xuntar estes documentos e remitilos electronicamente.

4.4. O resto do procedemento seguirá a tramitación prevista nos artigos 3 ao 14 do capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 55, do 18 de marzo), salvo no que respecta á publicación das resolucións que será, en todo caso, substituída pola notificación individual ao interesado.

4.5. A tramitación dos expedientes relativos ás liñas de axudas de participacións agrupadas organizadas polo Igape en eventos expositivos internacionais do artigo 10 destas bases e de participación en misións internacionais directas organizadas polo Igape do artigo 12 destas bases, seguirán completamente a tramitación en concorrencia competitiva establecida no capítulo I das citadas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 55, do 18 de marzo).

Artigo 5º.-*Compatibilidade con outras axudas.*

As subvencións outorgadas ao abeiro destas bases para un determinado proxecto serán compatibles con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape e con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os seguintes límites:

a) Para as axudas establecidas nos artigos 7, 8 e 15 no caso de que o beneficiario cumpra os requisitos de PEME segundo a definición da Comisión Europea, os límites establecidos no Regulamento (CE) nº 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas (DOUE L 10, do 13 de xaneiro de 2001). A subvención para o proxecto non poderá superar o 50% do gasto subvencionable.

b) Para as axudas dos artigos 7, 8 e 15 no caso de que os beneficiarios non cumpran os límites de PEME e para o resto das liñas de axuda, os límites establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro de 2006).

c) No caso de axudas a empresas do sector de produción agrícola, os límites do Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007 (DOUE L 337/35, do 21 de decembro de 2007), relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas.

d) No caso de axudas ao sector pesqueiro, os límites establecidos no Regulamento (CE) nº 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo de 2007 (DOUE L 193/6, do 25 de xullo de 2007), relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro.

Artigo 6º.-*Gastos subvencionables.*

6.1. Serán subvencionables os gastos indicados en cada artigo para cada tipo de proxecto.

6.2. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación destas bases os gastos seguintes:

-O imposto sobre o valor engadido (IVE), ou imposto equivalente a nivel internacional que sexa repercutible e recuperable, salvo que o beneficiario acredite -mediante a correspondente certificación-, que se encontra acollido ao réxime de exención do IVE.

-Aqueles gastos que non estean expresamente referidos á actuación concreta que se propón para a subvención.

6.3. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 12.000 euros pola subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 7º.-*Axudas para proxectos de elaboración de diagnósticos empresariais da capacidade de internacionalización.*

7.1. Proxectos subvencionables.

Será subvencionable a elaboración de diagnósticos empresariais da capacidade de internacionalización das empresas con centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia relativos á diagnose da situación empresarial, os cales deberán establecer as conclusións e, se é o caso, as propostas de actuación que se deberán seguir para a internacionalización das empresas. Para poderen ser subvencionables, os diagnósticos deberán cumprir, en todo caso, os contidos mínimos que figuran no anexo II destas bases.

7.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas as empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas aquelas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

Os solicitantes desta liña de axuda que tiveren sido beneficiarios de axudas anteriores do Igape para a elaboración de diagnósticos empresariais de internacionalización, só poderán ser beneficiarios das axudas previstas neste artigo para o mesmo tipo de acción no caso de que transcorresen máis de 3 anos desde a data da liquidación unha vez realizado o diagnóstico.

7.3. Conceptos subvencionables.

Gastos de consultoría externa para o apoio aos beneficiarios na elaboración do diagnóstico.

7.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

7.5. Contía e límites de axuda.

Os proxectos aprobados contarán cunha subvención a fondo perdido do 50% dos gastos de consultoría orzados polo beneficiario na súa solicitude, co límite de 4.000 euros por proxecto. Rexerán, así mesmo, os límites establecidos na lexislación da Unión Europea establecidos no artigo 5.

7.6. Pagamento da subvención.

Dentro do prazo indicado na resolución de concesión para a xustificación, o beneficiario presentará no Igape a súa solicitude de cobramento e a documentación que para tal efecto se especifique na resolución de concesión -entre a cal se inclúe unha copia do traballo realizado en soporte electrónico e en papel-.

7.7. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4º destas bases.

Artigo 8º.-Axudas para proxectos de elaboración de estudos e investigación de mercados internacionais.

8.1. Proxectos subvencionables.

Será subvencionable ata un máximo de 3 proxectos por beneficiario e convocatoria:

A elaboración de estudos e investigación de mercados internacionais dirixidos a unha área xeográfica concreta e definida, co obxecto de coñecer a viabilidade de estender o negocio á devandita área, os procesos necesarios, os posibles clientes ou provedores, normas técnicas, loxística de transporte, lexislación, restricións, tramitación ou calquera condicionante existente para exercer a actividade empresarial da empresa galega nese mercado internacional. Serán subvencionables os traballos de consultoría realizados por colaboradores externos que permitan determinar as circunstancias competitivas para a actividade no exterior do Estado español, xa sexa co obxecto do abastecemento de materias primas ou produtos intermedios, a implantación empresarial ou para a comercialización de produtos ou servizos.

8.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

b) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas e que estean domiciliados en Galicia.

8.3. Conceptos subvencionables.

Gastos de consultoría externa para o apoio aos beneficiarios na elaboración dos estudos e traballos.

8.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

8.5. Contía e límites de axuda.

No caso dos beneficiarios citados na letra a) do artigo 8.2, os proxectos aprobados contarán cunha subvención a fondo perdido do 50% dos gastos de consultoría orzados polo beneficiario na súa solicitude, co límite de 6.000 euros por proxecto.

No caso dos beneficiarios citados na letra b) do artigo 8.2, os proxectos aprobados contarán cunha subvención a fondo perdido do 70% dos gastos de consultoría orzados polo beneficiario na súa solicitude, co límite de 9.000 euros por proxecto.

8.6. Pagamento da subvención.

Dentro do prazo indicado na resolución de concesión para a xustificación, o beneficiario presentará no Igape a súa solicitude de cobramento e a documentación que para tal efecto se especifique na resolución de concesión, entre a cal se inclúe unha copia do traballo realizado en soporte electrónico e en papel, diferenciando a parte de carácter xeral, indicada no artigo 8.7, da específica e privativa do beneficiario.

8.7. Cesión de dereitos.

Coa presentación da solicitude de cobramento, o beneficiario cede ao Igape os dereitos de explotación e difusión sobre as conclusións e informacións -de carácter xeral e non privativo do beneficiario-, derivadas dos traballos subvencionados, para o seu emprego no cumprimento dos seus fins públicos e sen ánimo de lucro.

8.8. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 destas bases.

Artigo 9º.-Axudas para proxectos de participación en eventos expositivos internacionais.

9.1. Proxectos subvencionables.

Será subvencionable a participación nun determinado evento expositivo internacional celebrado fóra de Galicia de tipo comercial ou técnico. O carácter internacional enténdese cumprido sempre que a este concorran expositores de máis dun país, o cal deberá acreditarse no momento de xustificación do proxecto, entre outros medios, mediante catálogo de expositores asistentes do ano anterior ou do propio ano de celebración, ou mediante certificado do organizador do evento.

9.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia,

incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou lóxicos.

b) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas, e as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Neste último caso, conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Os consorcios, asociacións, consellos reguladores e clústers terán que estar domiciliados en Galicia.

9.3. Conceptos subvencionables.

Considéranse subvencionables os seguintes conceptos inherentes á participación no evento expositivo:

a) Os gastos de aluguer do espazo expositivo (podendo incluír servizos básicos directamente vinculados ao aluguer e facturados pola organización). As facturas e pagamentos correspondentes a estes gastos poden ser de data anterior á data da solicitude, pero referidas a un evento expositivo celebrado posteriormente á data de solicitude.

b) Os gastos de aluguer de mobiliario e equipamentos audiovisuais.

c) Os gastos de envío e de retorno de catálogos, produtos, stands e outros materiais necesarios para a participación no evento.

d) Os gastos de viaxe e aloxamento.

e) Os gastos de servizos de interpretación no evento e gastos de tradución e impresión de folletos. No caso de impresión, un exemplar dos folletos impresos debe achegarse no momento da xustificación.

f) Os gastos de asistencia técnica para a preparación de axenda de encontros e entrevistas.

g) Os gastos de deseño e construción do stand.

9.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedéndolles a axuda a aquelas que cumplan os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

9.5. Contía e límites de axuda.

9.5.1. Con carácter xeral, a subvención acadará o 50% dos gastos subvencionables, cos seguintes límites cuantitativos de subvención:

a) Para o conxunto dos gastos de aluguer do espazo expositivo, de aluguer do mobiliario e equipos audiovisuais e dos gastos de envío e de retorno de catálogos, produtos, stands e outros materiais necesarios para a participación no evento, a subvención concedida non superará os 6.000 euros para eventos que se van celebrar en Europa e os 9.000 euros para eventos fóra de Europa.

b) Para os gastos de viaxe e aloxamento: 1.000 euros para eventos que se van celebrar en Europa e ata 2.000 euros para eventos fóra de Europa.

c) Para os gastos de servizos de interpretación no evento e tradución e impresión de folletos: 1.500 euros.

d) Para os gastos de asistencia técnica para a preparación de axenda de encontros e entrevistas: 1.500 euros.

e) Para os gastos de deseño e construción do stand: 6.000 euros.

9.5.2. Os beneficiarios citados no artigo 9.2.b) poderán promover a participación agrupada entre eles e as súas empresas galegas representadas, elevándose o límite cuantitativo da subvención para o conxunto dos gastos comprendidos na letra a) anterior en 3.000 euros por participante, sen que no seu conxunto, incluídos os límites iniciais, superen en total os 36.000 euros. Os límites das anteriores letras b), c), d) serán os resultantes de multiplicar o número de participantes (solicitante máis resto dos participantes) polo límite aplicable a cada concepto. Para o deseño e construción do stand elévase o límite a 15.000 euros.

Enténdese por empresa galega aquela empresa que teña radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

A participación estimada deberá constar no cuestionario previo de solicitude e a participación definitiva deberá acreditarse na fase de liquidación mediante certificación do representante da agrupación nomeado no expediente. Por participación enténdese participación efectiva con presenza de persoal representando cada participante.

9.5.3. Con carácter particular, cando a participación estea promovida polos beneficiarios citados no artigo 9.2.b) e se dirixan aos seguintes mercados:

a) Brasil, Rusia, India, China ou México: a subvención concedida acadará o 80% dos gastos subvencionables cos límites cuantitativos anteriores multiplicados por dous, agás para o deseño e construción do stand que será de 15.000 euros.

b) Para eventos celebrados nos 12 últimos países adheridos á UE (Bulgaria, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Checa, Romanía) e nos 3 países candidatos oficiais á preadhesión (Croacia, República de Macedonia, Turquía), elévase a subvención ao 80% dos gastos subvencionables cos límites cuantitativos anteriores multiplicados por 1,5 agás para o deseño e construción do stand, que será de 15.000 euros.

9.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4º destas bases.

Artigo 10º.-*Axudas para proxectos de participacións agrupadas organizadas polo Igape en eventos expositivos internacionais.*

10.1. Proxectos subvencionables.

O Igape poderá organizar participacións agrupadas en eventos expositivos internacionais celebrados fóra de Galicia -sexan de tipo comercial ou técnico, sempre que se considere de interese co obxecto de que os participantes entren en contacto directamente con importadores, distribuidores e outras empresas para analizar as posibilidades de internacionalización, e daren a coñecer os seus produtos ou servizos en xeral e obteren información de produtos, tendencias do mercado e tecnoloxía.

Cada participación agrupada que organice o Igape será obxecto da correspondente convocatoria, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O Igape, co obxecto de facilitar a loxística da participación no evento, poderá contratar directamente os servizos comúns para todos os participantes, establecendo neste caso un prezo para cada participante que será obxecto de regulación e que deberá, en todo caso, ser ingresado previamente á celebración do evento.

10.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

10.2.1. Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

b) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas. Os beneficiarios deberán estar domiciliados en Galicia.

10.3. Conceptos subvencionables.

Poderán ser subvencionables os seguintes conceptos inherentes á participación no evento expositivo:

a) Os gastos de aluguer do espazo expositivo (podendo incluír servizos básicos directamente vinculados ao aluguer e facturados pola organización). As facturas e pagamentos correspondentes a estes gastos poden ser de data anterior á data da solicitude pero referidas a un evento expositivo celebrado posteriormente á data de solicitude.

b) Os gastos de aluguer de mobiliario e equipamentos audiovisuais.

c) Os gastos de envío e de retorno de catálogos, produtos, stands e outros materiais necesarios para a participación no evento.

d) Os gastos de viaxe e aloxamento.

e) Os gastos de servizos de interpretación no evento e gastos de tradución e impresión de folletos. No caso de impresión, un exemplar dos folletos impresos debe achegarse no momento da xustificación.

f) Os gastos de asistencia técnica para a preparación de axenda de encontros e entrevistas.

g) Os gastos de deseño e construción do stand.

10.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

Estableceranse en cada convocatoria en función das características e obxectivos do evento expositivo internacional.

10.5. Contía e límites de axuda.

Dentro do establecido no artigo 10.3º en cada convocatoria estableceranse os conceptos subvencionables coas súas respectivas contías e límites de axuda.

10.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 55, do 18 de marzo).

Artigo 11º.-*Axudas para proxectos de organización e participación en misións empresariais internacionais directas.*

11.1. Proxectos subvencionables.

Será subvencionable a organización de misións empresariais que promovan os beneficiarios co obxecto de entrar en contacto directamente con importadores, distribuidores e outras empresas para analizar as posibilidades de cooperación, dar a coñecer produtos ou servizos e, en xeral, avaliar as posibilidades reais do mercado, cara a:

a) Brasil, Rusia, India, China ou México.

b) Os 12 últimos países adheridos á UE (Bulgaria, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Checa, Romanía) e os 3 países candidatos oficiais á preadhesión (Croacia, República de Macedonia, Turquía).

c) Países con centro de promoción de negocios do Igape (en adiante CPN): Alemaña, Polonia, China, Xapón e Estados Unidos e aqueles outros en que no futuro poidan crearse, o cal será obxecto da debida publicidade na páxina web oficial do Igape, www.igape.es.

11.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

11.2.1. Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas. Os consorcios, asociacións, consellos reguladores e clústers terán que estar domiciliados en Galicia.

b) As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas que teñan radicado algún centro de actividade na

Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberán facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

11.2.2. Nas misións deberán participar 3 ou máis empresas galegas, podendo ademais admitirse como subvencionable a participación conxunta con outros beneficiarios dos citados no artigo 11.2.1. A participación estimada (solicitante e resto de participantes dos citados anteriormente) deberá constar no cuestionario previo de solicitude e a participación definitiva deberá acreditarse na fase de liquidación mediante certificación do representante da agrupación nomeado no expediente. Por participación enténdese participación efectiva con presenza de persoal representando cada participante.

Enténdese por empresa galega aquela empresa que teña radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

11.3. Conceptos subvencionables.

Considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos de viaxe e aloxamento: dos representantes do solicitante da axuda e dos representantes do resto de participantes na misión, segundo o establecido no artigo 11.2.2.

b) Os gastos de consultoría externa especializada no mercado obxectivo.

c) Os gastos de asistencia técnica para a preparación de axendas de encontros e entrevistas.

d) Os gastos de servizos de interpretación na misión e os gastos de tradución e impresión de folletos. No caso de impresión, un exemplar dos folletos impresos debe achegarse no momento da xustificación.

e) Os gastos de envío e de retorno de catálogos, produtos e outros materiais necesarios para a misión.

f) Os gastos de aluguer do espazo para presentacións, exposicións e/ou encontros empresariais.

11.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo, ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

11.5. Contía e límites da axuda.

Os países que se atopen en máis dun destes grupos adscribiranse ao grupo que lle resulte máis favorecedor.

a) Brasil, Rusia, India, China ou México: 50% de axuda sobre a base subvencionable cun límite máximo de 6.000 euros por participante na misión.

b) 12 últimos países adheridos á UE (Bulgaria, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Checa, Romanía) e os 3 países candidatos oficiais á preadhesión (Croacia, República de Macedonia, Turquía): 50% de axuda sobre a base subvencionable, cun límite máximo de 5.000 euros por participante na misión.

c) Países con CPN do Igape: 40% de axuda sobre a base subvencionable cun límite máximo de 3.000 euros por participante nunha misión con destino Europa e 6.000 euros por participante nunha misión con destino fóra de Europa.

11.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4º destas bases.

Artigo 12º.-*Axudas para proxectos de participación en misións empresariais internacionais directas organizadas polo Igape.*

12.1. Proxectos subvencionables.

O Igape poderá organizar misións directas a calquera país do mundo sempre que se considere de interese co obxecto de que as empresas galegas entren en contacto directamente con importadores, distribuidores e outras empresas para analizar as posibilidades de cooperación, dar a coñecer produtos ou servizos e, en xeral, avaliar as posibilidades reais do mercado.

Cada misión que organice o Igape será obxecto da correspondente convocatoria, na cal se especificarán: as datas da misión, país/es de destino, sectores preferentes e calquera outra característica propia da misión que se vai celebrar, e requisitos de participación. A devandita convocatoria será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O Igape, co obxecto de facilitar a loxística do evento, poderá contratar directamente os servizos comúns para todos os participantes, establecendo neste caso un prezo para cada participante que será obxecto de regulación e que deberá en todo caso ser ingresado previamente á celebración do evento.

12.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

b) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de

empresas galegas. Os beneficiarios deberán estar domiciliados en Galicia.

12.3. Conceptos subvencionables.

Considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos de viaxe e aloxamento: dos representantes dos beneficiarios participantes na misión.

b) Os gastos de servizos de interpretación na misión e os gastos de tradución e impresión de folletos. No caso de impresión, un exemplar dos folletos impresos debe achegarse no momento da xustificación.

c) Os gastos de envío e de retorno de catálogos, produtos e outros materiais necesarios para a misión.

12.4.- Criterios de avaliación e selección de proxectos.

Estableceranse en cada convocatoria en función das características e dos obxectivos da misión empresarial.

12.5. Contía e límites da axuda.

A contía e límites da axuda establécense sobre os conceptos subvencionables en función do país/países do destino da misión (os países que se atopen en máis dun destes grupos adscribiranse ao grupo que lle resulte máis favorable):

a) Brasil, Rusia, India, China ou México: 50% de axuda sobre a base subvencionable cun límite máximo de 6.000 euros por participante.

b) Os 12 últimos países adheridos á UE (Bulgaria, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Checa, Romanía) e os 3 países candidatos oficiais á preadhesión (Croacia, República de Macedonia, Turquía): 50% de axuda sobre a base subvencionable, cun límite máximo de 5.000 euros por participante.

c) Países con CPN do Igape en Alemaña, Polonia, Estados Unidos, China e Xapón (e aqueles outros países onde no futuro o Igape constituía un novo CPN, e que figurará na páxina web oficial do Igape, www.igape.es): 40% de axuda sobre a base subvencionable cun límite máximo de 3.000 euros por participante para misións con destino Europa e 6.000 euros por participante para misións con destino fóra de Europa.

d) Países onde haxa asociacións de empresarios de orixe galega (legalmente constituídas e que teñan asinado convenio co Igape): Arxentina, Brasil, México, Portugal, República Dominicana, Uruguai, Venezuela e aqueles outros países onde no futuro se constituían este tipo de asociacións e que figurarán na páxina web www.rede.galiciaexterior.es: 40% de axuda sobre a base subvencionable cun límite máximo de 3.000 euros por participante para misións con destino Europa e 6.000 euros por participante para misións con destino fóra de Europa.

e) Resto de países: 40% de axuda sobre a base subvencionable cun límite máximo de 3.000€ por participante para misións con destino Europa e 6.000€ por participante para misións con destino fóra de Europa.

12.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 55, do 18 de marzo).

Artigo 13º.-*Axudas para proxectos de organización e participación en misións internacionais tecnolóxicas.*

13.1. Proxectos subvencionables.

Será subvencionable a organización de misións tecnolóxicas fóra de Galicia co obxecto de adquirir e/ou transferir tecnoloxía e/ou, se é o caso, coñecementos aplicables á actividade das empresas galegas representadas, que deberá expoñerse con suficiente detalle para a súa avaliación como tal misión tecnolóxica por parte dos órganos do Igape. Poderanse denegar aqueles expedientes que non acrediten a devandita condición tecnolóxica dos proxectos.

13.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

13.2.1. Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas. Os beneficiarios deberán estar domiciliados en Galicia.

b) As agrupacións empresariais innovadoras (AEI), segundo a Orde ITC/2691/2006, do 2 de agosto, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que as define como un conxunto de empresas, centros de formación avanzada e centros de innovación e transferencia do coñecemento que, pertencendo a un mesmo ámbito xeográfico, deciden compartir proxectos comúns de carácter innovador. As AEI deben estar formalmente constituídas, ter personalidade xurídica propia e estar domiciliadas en Galicia.

13.2.2. A participación estimada de solicitante, empresas galegas, centros tecnolóxicos ou institucións académicas deberá constar no cuestionario previo de solicitude e a participación definitiva deberá acreditarse na fase de liquidación mediante certificación do beneficiario. Por participación enténdese participación efectiva con presenza de persoal representando cada participante.

Enténdese por empresa galega aquela empresa que teña radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

13.3. Conceptos subvencionables.

Considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos de viaxe e aloxamento: dos representantes do solicitante da axuda e dos representantes das empresas galegas, centros tecnolóxicos ou institucións académicas (de actividades adecuadas ao obxecto da misión) participantes na misión.

b) Os gastos de consultoría externa especializada no mercado obxectivo.

c) Os gastos de asistencia técnica para a preparación de axendas de encontros e entrevistas.

d) Os gastos de servizos de interpretación na misión e os gastos de tradución e impresión de folletos. No caso de impresión, un exemplar dos folletos impresos debe achegarse no momento da xustificación.

e) Os gastos de envío e de retorno de catálogos, produtos e outros materiais necesarios para a misión.

f) Os gastos de aluguer do espazo para presentacións, exposicións e/ou encontros empresariais.

13.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

13.5. Contía e límites da axuda.

-Misións con destino a países pertencentes á OCDE: 50% de axuda sobre a base subvencionable cun límite máximo de 3.000 euros por participante para misións con destino Europa e 6.000 euros por participante para misións con destino fóra de Europa.

-Misións con destino a países non pertencentes á OCDE: 40% de axuda sobre a base subvencionable cun límite máximo de 3.000 euros por participante para misións con destino Europa e 6.000 euros por participante para misións con destino fóra de Europa.

Países integrantes na OCDE:

Alemaña, Australia, Austria, Bélxica, Canadá, Corea, Dinamarca, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Luxemburgo, México, Noruega, Nova Zelandia, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, República Eslovaca, Suecia, Suíza, Turquía e Xapón. (www.oecd.org)

13.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 destas bases.

Artigo 14º.-*Axudas para proxectos de organización e participación en misións empresariais inversas de calquera país estranxeiro a Galicia.*

14.1. Proxectos subvencionables.

Será subvencionable a organización de misións empresariais inversas de calquera país estranxeiro a Galicia, de importadores, distribuidores, medios de comunicación ou outro tipo de prescritesores co obxecto de dar a coñecer ao exterior as empresas galegas e as posibilidades dos sectores empresariais galegos e/ou para sondar posibles fórmulas de cooperación entre empresas galegas e do exterior e oportunidades de expansión exterior das empresas galegas.

14.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axuda as asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas. Os beneficiarios deberán estar domiciliados en Galicia.

14.3. Conceptos subvencionables.

Considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos de viaxe e aloxamento: dos representantes de cada empresa, medio de comunicación ou prescritesores estranxeiros participantes na misión.

b) Os gastos de aluguer do espazo para presentacións, exposicións e/ou encontros empresariais.

c) Os gastos de servizos de interpretación na misión e os gastos de tradución e impresión de folletos. No caso de impresión, un exemplar dos folletos impresos debe achegarse no momento da xustificación.

14.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

14.5. Contía e límites da axuda.

Con carácter xeral, a subvención acadará o 70% sobre a base subvencionable, cos seguintes límites cuantitativos de subvención: subvención máxima de 3.000 euros por empresa/medio de comunicación/prescritor participantes en misións con orixe europea, e de 4.000 euros por empresa/medio de comunicación/prescritor participantes en misións con orixe fóra de Europa, ata un límite máximo total de 36.000 euros de axuda por proxecto.

14.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 destas bases.

Artigo 15º.-*Axudas para proxectos de asistencia técnica para a participación en licitacións públicas internacionais.*

15.1. Proxectos subvencionables.

Será subvencionable a asistencia técnica para a preparación e presentación de ofertas a licitacións e concursos convocados por institucións financeiras multilaterais (IFM) para países de fóra da UE. Poderanse denegar aqueles expedientes que non acheguen xustificación suficiente dos efectos económicos e de incremento de actividade que xeraría en Galicia a adxudicación da licitación.

15.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axuda:

a) As empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

O solicitante terá que xustificar os efectos económicos e de incremento de actividade que xeraría en Galicia a adxudicación da licitación. Para a conformación definitiva da oferta poderán, en todo caso, asociarse con outras empresas de fóra de Galicia, que non terán a condición de beneficiarios da axuda.

b) As unións temporais de empresas (UTE), as agrupacións europeas de interese económico ou calquera outra fórmula xurídica admitida en dereito pola institución licitante. No caso de solicitantes que

non teñan personalidade xurídica independente que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Neste caso, polo menos un dos membros deberá estar domiciliado ou manter un centro de actividade en Galicia.

15.3. Conceptos subvencionables.

Considéranse subvencionables os gastos de asistencia técnica externa para a preparación de ofertas.

15.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

15.5. Contía e límites da axuda.

Subvención do 50% dos gastos ata un máximo de axuda de 3.000 euros. No caso de que o proxecto se refira a unha licitación de obra ou concesión e se exixa anteprojecto ou proxecto técnico, o límite elévase ata 30.000 euros.

15.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 destas bases.

Artigo 16º.-Axudas para proxectos de cooperación internacional.

16.1. Proxectos subvencionables.

Serán subvencionables:

a) Os proxectos cuxa finalidade sexa a análise das posibilidades de cooperación de forma estable no eido internacional -entre varias empresas galegas entre si ou entre unha ou varias empresas galegas cunha ou varias empresas estranxeiras-, ben no campo da loxística, política de marca, abastecemento de insumos, transferencia de tecnoloxía, así como en calquera ámbito económico ou técnico que redunde en beneficio de todas as empresas involucradas na cooperación.

Poderase incluír a busca de socios dentro de Galicia ou no exterior, estudos de viabilidade de posibles acordos e estudos de alternativas xurídicas para a formalización e legalización dos posibles acordos.

Nestes proxectos de cooperación poderán participar, conxuntamente coas empresas, centros tecnolóxicos e institucións académicas.

b) Os proxectos de análise de proxectos do tipo de: acordos de agrupación de empresas galegas para acometer un mercado internacional, acordos de subcontratación, acordos técnicos, contratos de fabricación, acordos de coprodución, acordos de cooperación en I+D, joint-ventures e tomas de participación en capital de empresas estranxeiras. Non se considerarán subvencionables os proxectos de análise de establecemento de relacións estritamente comerciais.

16.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axuda as empresas con centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

16.3. Conceptos subvencionables.

Serán subvencionables os seguintes conceptos de gastos previos á formalización de acordos:

a) Os gastos de consultoría externa (técnica, económica ou xurídica).

b) Os gastos notariais e rexistrais necesarios no caso de formalización de acordos.

c) Os gastos de viaxe e aloxamento en desprazamentos internacionais de Galicia ao estranxeiro ou do estranxeiro a Galicia -cando do estudo previo sobre o proxecto de cooperación (estudo cuxa copia deberá entregarse ao Igape), se derive a conveniencia da realización das ditas viaxes.

16.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

16.5. Contía e límites da axuda.

Para os gastos contemplados no artigo 16º.3 a) e b) a subvención acadará o 50% do gasto subvencionable, cun límite máximo de 6.000 € de subvención.

Para os gastos de viaxes internacionais da letra c) co artigo 16º.3, a subvención acadará o 50% da base subvencionable aprobada, cun límite máximo de 1.000 euros de subvención por cada viaxe (ida e volta) no caso de destinos europeos e de 2.000 euros no caso de destinos fóra de Europa. Establécese un límite máximo total en concepto de viaxes de 4.000 euros.

16.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 destas bases.

Artigo 17º.-Axudas para proxectos de iniciativas de difusión en materia de internacionalización.

17.1. Proxectos subvencionables.

Será subvencionable a organización en Galicia de foros, xornadas técnicas ou seminarios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas en materia de internacionalización das empresas galegas. O proxecto deberá expoñerse con suficiente detalle para a avaliación da súa oportunidade, vantaxes e interese por parte dos órganos

do Igape, podendo denegarse aqueles expedientes que non as acrediten.

17.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axuda as asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (entidades sen fin de lucro e con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de ámbito autonómico e de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas. Os beneficiarios deberán estar domiciliados en Galicia.

17.3. Conceptos subvencionables.

Considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

- a) Os gastos de publicidade.
- b) Os gastos de elaboración de documentación e a edición de relatorios ou publicacións.
- c) Os custos de contratación de relatores.

17.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Poderán denegarse aqueles expedientes que supoñan unha repetición de temática respecto ao contido doutro evento xa subvencionado.

Unicamente se subvencionará un evento por beneficiario ao ano.

17.5. Contía e límites de axuda.

A subvención acadará o 70% dos gastos subvencionables, cos seguintes límites segundo o ámbito do beneficiario:

- a) Ámbito provincial ou inferior: 5.000 euros.
- b) Ámbito autonómico: 7.500 euros.

17.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4º destas bases.

Artigo 18º.-Axudas para proxectos de identificación e implantación de boas prácticas e proxectos de intercambio de experiencia no ámbito internacional.

18.1. Proxectos subvencionables.

Serán subvencionables os seguintes proxectos:

a) Os proxectos de identificación e implantación de boas prácticas na internacionalización da empresa. Nestes proxectos, o solicitante deberá contar con polo menos cinco empresas galegas partícipes.

Enténdese por empresa galega aquela empresa que teña radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Os proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a xeración de proxectos de internacionalización cooperativos: proxectos que propoñan a

participación dinamizada dun conxunto de empresas nun espazo físico ou virtual e, mediante unha metodoloxía definida para propiciar a intercomunicación, procuren o intercambio de experiencia, necesidades ou *know-how*, entre as empresas participantes.

18.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios desta liña de axuda as asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (entidades sen fin de lucro e con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas. Os beneficiarios deberán estar domiciliados en Galicia.

18.3. Conceptos subvencionables.

Considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos de desprazamento fóra de Galicia aos centros onde se realiza a actividade obxecto de *benchmarking* polo organismo solicitante e/ou polas empresas participantes. Alternativamente, os gastos asociados (relatorio, desprazamento e aloxamento) á presentación en Galicia por parte de representantes das empresas coas mellores prácticas identificadas.

b) Os gastos de colaboradores externos para a implantación nas empresas das boas prácticas.

c) Os gastos de colaboracións externas, no caso de que o proxecto prevexa a identificación previa das fontes das mellores prácticas.

d) Os gastos de asistencia técnica para a creación dun espazo virtual común.

18.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

18.5. Contía e límites da axuda.

Establécese un límite xeral do 50% de axuda sobre a base subvencionable, cos seguintes límites por conceptos de gasto:

a) Subvención máxima de 1.000 euros por solicitante e empresa participantes no proxecto para gastos de viaxe dentro de Europa e 2.000 euros por solicitante e empresa participantes no proxecto para gastos de viaxe fóra de Europa.

b) Subvención máxima de 3.000 euros/empresa para os gastos de colaboradores externos para a implantación nas empresas das boas prácticas.

c) Subvención máxima de 6.000 euros para os custos de colaboracións externas, no caso de que o proxecto prevexa a identificación previa das fontes das mellores prácticas.

d) Subvención máxima de 1.500 euros para os custos de asistencia técnica para a creación dun espazo virtual común.

18.6. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4º destas bases.

Artigo 19º.-*Axudas para proxectos de prospección e primeira implantación comercial conxunta no estranxeiro.*

19.1. Proxectos subvencionables.

Serán subvencionables os proxectos de prospección e primeira implantación comercial conxunta de empresas galegas no estranxeiro, que teñan uns obxectivos de cooperación e comercialización similares, para afrontar en destino unha estratexia e accións de implantación comercial -incluída a creación de plataformas loxísticas- que beneficien a todas elas.

19.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.

19.2.1. Poderán presentar solicitudes:

a) As agrupacións dun mínimo de tres empresas galegas que se comprometan a crear un consorcio no país de destino, entendendo como tal unha sociedade con personalidade xurídica propia ou calquera tipo de agrupación empresarial admitida en dereito no país de destino.

Conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

b) Os consorcios con personalidade xurídica independente formados por polo menos tres empresas galegas, que creen unha filial no estranxeiro para a súa implantación comercial. No expediente de axuda considerárase, así mesmo, como beneficiario as empresas galegas participantes no consorcio. A entidade solicitante considerárase que representa ante o Igape a todos os partícipes para os efectos de cumprir coas obrigas derivadas da súa condición de beneficiario, así como para a xustificación e pagamento da subvención.

Enténdese por empresa galega aquela empresa que teña radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para ambos os dous tipos de beneficiarios admitirase a existencia de socios non galegos pero a dita parte non recibirá axuda do Igape.

Admitiranse como subvencionables, conforme o artigo 8.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os gastos directamente facturados ao solicitante da axuda e os gastos directamente facturados as empresas participantes nesta acción agrupada, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Nestes casos na solicitude de axuda terá que identificarse as

empresas partícipes que deberán cumprir os requisitos para ser considerados beneficiarios, indicándose o importe desagregado do gasto subvencionable previsto para cada un deles no evento. A subvención imputarase a cada empresa galega participante no proxecto en proporción á súa participación no capital da sociedade que se constituía en destino.

19.2.2. Para ambos os dous tipos de beneficiarios, a maioría das empresas participantes deben ser pequenas e medianas empresas galegas, segundo a definición da Comisión Europea.

O prazo para a constitución do consorcio en destino ou filial de consorcio é de seis meses desde a data en que se dite a resolución de concesión da axuda.

19.2.3. Requisitos:

a) O consorcio en destino deberá estar formado como mínimo por tres empresas socio con produto ou servizo propio.

b) Os consorcios en destino deberán contar con personalidade xurídica propia e independente á das empresas que o compoñen. Debe tratarse da creación dunha estrutura nova, polo que non se admite a toma de participación de sociedades ou estruturas asociativas xa existentes.

c) Unha empresa socio non poderá ter participacións do capital doutra empresa socio, nin dúas empresas socio poderán ter un accionista común maioritario.

d) Admítese a participación dun socio financeiro (entidade financeira, de capital risco, comercializadora, distribuidor, xerente do consorcio, etc.) español ou estranxeiro. Esta participación nunca poderá ser superior á da empresa socio que menor participación teña. A parte do socio financeiro non recibirá axuda por parte do Igape.

e) O consorcio/filial en destino contará cun xerente en exclusiva, independente das empresas socio, excepto se o xerente forma parte do consorcio como socio financeiro. O xerente deberá estar nomeado no prazo máximo de seis meses desde a data en que se dite a resolución de concesión da axuda.

f) Ningunha empresa socio do consorcio en destino poderá deter a maioría do capital, salvo que por imperativo legal do país de implantación se exixa unha participación superior, o que deberá quedar suficientemente xustificado. No caso de filiais de consorcios en orixe, o seu capital deberá estar participado en máis dun 50% polo consorcio en orixe, salvo que, por imperativo legal do país de implantación, se exixan participacións inferiores, o que deberá quedar suficientemente acreditado ante o Igape. A maioría do capital do proxecto de implantación debe ser de empresas galegas, salvo que, por imperativo legal do país de implantación, se exixan participacións inferiores, o que deberá quedar suficientemente acreditado ante o Igape.

19.3. Conceptos subvencionables.

Serán subvencionables os seguintes gastos de funcionamento da sociedade que se constituía no país de implantación durante os dous primeiros anos de funcionamento desde a data da súa constitución:

19.3.1. Gastos de estrutura:

a) Gastos de constitución: escrituras, inscricións, permisos administrativos, licenzas e outros gastos que se realizan unha soa vez ao comezo da actividade.

b) Gastos de persoal: soldos e salarios do persoal do consorcio ou filial de consorcio, así como as cotizacións á Seguridade Social e seguros de asistencia médica naqueles países onde non exista un sistema público obrigatorio de cobertura médica. É necesario que exista un contrato laboral, xa sexa fixo ou eventual, e que os soldos estean en liña cos do mercado. Exclúense de xeito xeral comisións, gastos de representación e de axencia.

c) Gastos de servizos profesionais externos: gastos que estean directamente relacionados coa constitución e o funcionamento administrativo do consorcio ou filial en destino (xurídicos, contables, gastos de tradución, financeiros, fiscais).

d) Alugueres: aluguer de locais comerciais, de oficinas, de almacéns e plataformas loxísticas, cando a actividade comercial o xustifique.

19.3.2. Gastos de promoción relacionados co país de implantación:

a) Material de promoción: elaboración (impresión, reprodución e tradución) de catálogos, folletos, carteis, páxinas web (non se inclúen os gastos de mantemento destas) e demais material informativo impreso ou audiovisual e expositores punto de venda. Un exemplar de cada material impreso ou audiovisual deberá achegarse no momento da xustificación do gasto.

b) Publicidade: creatividade do material e custo de compra de espazos publicitarios en medios do país de implantación. Deberá achegarse documentación da publicidade realizada no momento da xustificación do gasto.

c) Accións promocionais/promocións puntos de venda: gastos externos inherentes á presentación de produtos, promocións, catas, e exposicións permanentes en *corners* de grandes almacéns ou tendas de prestixio (espazos dedicados en exclusiva á marca e que contén con decoración diferenciada do resto das marcas situadas nese local).

d) Feiras: soamente para participación en feiras do país de implantación. Inclúense o aluguer de espazo, a decoración do stand, un desprazamento (ida e volta) en avión ou tren para o xerente ou comercial do consorcio. O total neste concepto non superará o 15% do gasto total do consorcio en promoción.

e) Viaxes comerciais: viaxes de representantes do consorcio/filial en destino a Galicia así como dentro do país onde estea o consorcio/filial. O total neste concepto non superará o 15% do gasto total do consorcio/filial en promoción.

19.3.3. Outros gastos relacionados co país de implantación:

a) Rexistro de patentes e marcas: inclúe os gastos de rexistro de patentes e marcas, exclusivamente.

b) Defensa xurídica da marca: inclúe os gastos de avogado para procedementos de defensa da marca no exterior.

c) Homologación de produtos ante organismos oficiais: inclúense os gastos derivados da homologa-

ción ante organismos oficiais estranxeiros, así como as certificacións e precualificacións ante grandes clientes no exterior.

19.4. Criterios de concesión.

O Igape resolverá as solicitudes por estrita orde de entrada do expediente completo destas, concedendo a axuda a aquelas que cumpran os requisitos establecidos neste artigo ata o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

19.5. Contía e límites da axuda.

19.5.1. A subvención acadará as seguintes porcentaxes sobre os gastos subvencionables establecidos no artigo 19.3:

a) Se a implantación é en Brasil, Rusia, India, China ou México, a axuda será do 35%.

b) Se a implantación é nos 12 últimos países adheridos á UE (Bulgaria, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Checa, Romanía) ou nos 3 países candidatos oficiais á preadhesión (Croacia, República de Macedonia, Turquía), a axuda será do 25%.

c) Se a implantación é noutro país estranxeiro distinto dos anteriores a axuda será do 20% do gasto subvencionable.

Esta porcentaxe incrementarase nun 3% por cada empresa galega participante no consorcio (excluído, se é o caso, o socio financeiro) a maiores do número mínimo requirido de 3 empresas galegas, ata acadar un máximo dun 15%.

19.5.2. Límites da axuda:

a) O límite máximo da axuda é de 100.000 euros ao ano para cada empresa beneficiaria.

b) As facturas xustificativas dos gastos deberán ser de terceiros contra o consorcio en destino ou a filial de consorcio, non contra as empresas consorciadas. Non se admitirá a autofacturación, isto é, facturas emitidas por unha empresa consorciada ao consorcio/filial.

c) O aboamento da subvención realizarase logo de solicitude de cobramento por parte do/s beneficiario/s e xustificación das condicións de concesión da axuda. Os pagamentos realizaranse na conta bancaria en España que indique os beneficiario/s.

19.6. Pagamento da subvención.

Para os beneficiarios contemplados na letra a) do artigo 19.2.1, os pagamentos realizaranse nas contas bancarias individuais que cada empresa beneficiaria indique ou nunha soa se así o acordan todas as empresas.

Para os beneficiarios contemplados na letra b) do artigo 19.2.1, os pagamentos realizaranse na conta bancaria que indique o consorcio constituído en Galicia.

19.7. Tramitación.

A tramitación seguirá o establecido nos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 4 destas bases.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
FACENDA

ANEXO I



PROCEDEMENTO AXUDAS DO IGAPE Á INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO EC637A	DOCUMENTO SOLICITUDE
------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF / NIF	
ACTIVIDADE		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE			PROVINCIA
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

LIÑAS DE AXUDA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA (sinalar só un recadro)

- IG150 – Proxectos de elaboración de diagnósticos empresariais da capacidade de internacionalización.
- IG151 – Proxectos de elaboración de estudos e investigación de mercados internacionais.
- IG110 – Proxectos de participación en eventos expositivos internacionais.
- IG123 – Proxectos de organización e participación en misións empresariais internacionais directas.
- IG154 – Proxectos de organización e participación en misións internacionais tecnolóxicas.
- IG124 – Proxectos de organización e participación en misións empresariais inversas de calquera país estranxeiro a Galicia.
- IG155 – Proxectos de asistencia técnica para a participación en licitacións públicas internacionais.
- IG111 – Proxectos de cooperación internacional.
- IG156 – Proxectos de iniciativas de difusión en materia de internacionalización.
- IG157 – Proxectos de identificación e implantación de boas prácticas e proxectos de intercambio de experiencia no ámbito internacional.
- IG158 – Proxectos de prospección e primeira implantación comercial conxunta no estranxeiro.

LIÑAS DE AXUDA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA (sinalar só un recadro)

- IG152 – Proxectos de participacións agrupadas organizadas polo Igape en eventos expositivos internacionais.
- IG153 – Proxectos de participación en misións empresariais internacionais directas organizadas polo Igape.

Non debe entregar NINGUNHA DOCUMENTACIÓN á parte desta solicitude, e debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda á cumprimentación de solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------

O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática

(Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, previa identificación mediante certificado).

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente o Igape, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades con que o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

O solicitante AUTORIZA o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Así mesmo, AUTORIZA o Igape para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

<p>LEXISLACION APLICABLE</p> <p><i>Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas.</i></p> <p><i>Resolución do 9 de maio de 2008 pola que se dá publicidade ás bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas e se procede á súa convocatoria.</i></p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA E SELO DO /DASOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL</p> <p>de de</p>		

Presidente do Igape

ANEXO II

Requisitos mínimos de contido dos diagnósticos de capacidade de internacionalización

1. Empresa, ámbito e mercado:

1.1. Historial evolutivo da empresa; ámbito socioeconómico.

1.2. Descrición do/s tipo/s de negocio que desenvolve a empresa. Tamaño relativo fronte aos seus competidores.

1.3. Organigrama completo e actualizado.

1.4. Ámbito xeográfico de desenvolvemento dos seus negocios.

1.5. Análise do sector nos mercados actuais.

1.6. Análise do sector nos mercados a priori considerados como obxectivo: análise de produtos/prezos, en relación coa competencia e as canles de comercialización, diagnosticando a capacidade de penetración.

2. Capacidade de incremento da produción anual actual sen necesidade de novos investimentos.

3. Matriz Dafo:

3.1. Definición dos puntos fortes e débiles da empresa e das ameazas e oportunidades do mercado en que pretende internacionalizarse.

4. Plan de internacionalización:

4.1. Relación de accións que podería desenvolver a empresa: priorización e xustificación das prioridades en relación cos obxectivos estratéxicos.

4.2. Planificación temporizada do plan de acción, diagrama de barras e feitos fundamentais.

4.3. Definición detallada de cada acción individualizada prevista.

4.4. Proposta de recursos necesarios para abordar o proceso de internacionalización.

5. Obxectivos de vendas nos mercados exteriores nos próximos tres anos.



ANEXO III
SOLICITUDE DE COBRAMENTO
AXUDAS DO IGAPE Á INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS

EXPEDIENTE
[]

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

TITULAR		NIF	
[]		[]	
ENDEREZO		TELÉFONO	
[]		[]	
DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE SUBVENCIONABLE APROBADO (EUROS)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)	DATA REMATE DO PRAZO DE VIXENCIA
[]	[]	[]	[]

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) obtido da aplicación de axuda para cubrir o cuestionario de liquidación e o seu código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
[]	[]

O/A solicitante declara que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude de cobramento.

Nota: Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

Don/Dona [] con DNI nº [] , actuando no nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas:

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o [] e o [] , incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por un importe de [] (euros). Estes gastos, cuxa relación se xunta segundo o modelo 1 deste anexo, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa e, se é o caso, os activos fixos correspondentes aos investimentos incorporáronse ao patrimonio da empresa.

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas e coas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante a Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo), sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución da axuda.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
CONCEDIDAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SOLICITADAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
AXUDAS DE MINIMIS DOS 3 EXERCICIOS ANTERIORES	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que a entidade se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis*, así como cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á empresa , de acordo coa xustificación achegada o importe de (euros), ingresándose na conta bancaria ao seu nome aberta, segundo a certificación anexa.

_____, de _____ de _____
(Sinatura do/a representante)

ANEXO IV

Municipios preferentes

Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá:

A Capela, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas, Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugaridos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño e Valdoñiño.

Municipios da Costa da Morte:

A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbriña, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo e Zas.

Comarca de Valdeorras:

A Veiga, A Rúa, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Petín, Rubiá e Vilamartín.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Orde do 28 de abril de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 27.º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, reformada polas leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, de 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo de San Caetano, 15711 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un *currículum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I

desta orde, un/ha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizos, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días, segundo o preceptuado no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma procederase a adxudicarlle o posto para o que foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no DOG, o/a funcionario/a seleccionado/a non se puidese incorporar á comunidade autónoma, considerarase deserto o posto e poderase proceder de novo a súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG e poderá, de considerarse oportuno, declararse deserto o posto de traballo.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo. O prazo de toma de posesión empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no DOG, agás no caso de procedencia doutras administracións, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da resolución de traslado á comunidade autónoma, co límite dos dous meses a que se fai referencia no punto quinto desta orde. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Código do posto: PR.C10.00.000.15770.001.
Denominación do posto: secretario/a da directora xeral.
Grupo: CD.
Nivel: 18.
C. específico: 5.600,53.
Corpo ou escala: xeral.
Adscrición admóns. públ.: A11.
Formación específica: 020-641.
Dependencia: Dirección Xeral de Protección Civil.
Localidade: Santiago de Compostela.
Observacións: horario especial.
-Código-descrición doutras administracións:
A11: adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.
-Código-descrición das formacións específicas:
020: coñecementos informática nivel usuario.
641: para persoal doutra administración, curso de iniciación de galego (R.I.).